A comitiva fúnebre estivo dirixida polo xerente do Patronato de Cultura do Concello de Lugo, **Francisco Rivera Cela**, que recitou diferentes salmodias do "Canto Patético" tanto na Praza do Campo como na da Soidade. Ao chegaren o desfile funerario á Praza

de España, Francisco Rivera citou uns breves pareados adicados ao alcalde e aos concelleiros ***Xullo Méndez e Cándido Sánchez Castiñeiras***. Finalmente ***Jorge Rivera*** desde o templete da música volveu a rememorar os ferretes que o ano anterior elaborara Gerardo Pardo de Vera.

## 4. O ENTERRO DA SARDIÑA NOS ANOS 1994 E 1996.

Tras un paréntese de dous anos o Enterro da Sardiña volveu a saír no ano 1994 organizado polo ***Patronato de Cultura do Concello*** e a recén creada ***Asociación de amigos do Antroido***. A comitiva fúnebre saiu as 20,30 horas do Círculo das Artes. O percorrido do enterro, a disposición da comitiva fúnebre, e as salmodias que se pronunciaban nas Prazas do Campo e da Soidade eran as mesmas de anos anteriores. A única variante eran os ferretes que se cantaban desde o templete da música. Este ano a Asociación de amigos do Entroido cantou unha copla, que pretendía ser un resumo de todo o acontecido na cidade o pasado ano. Así había referencias a ***Continente***, ***ás eleccións galegas e ás corruptelas políticas***. Tamén houbo algúns ferretes adicados ao edil socialista ***José Antonio Mouronte Neira.***

En la Casa Consistorial
aquello era un infierno
y la cosa iba muy mal
por falta de gobierno.

Y entonces con mucha fe
se esclareció el horizonte
en cuanto los del PP
se atrajeron a Mouronte.[23]

Asimesmo tamén houbo algunhas críticas contra o alcalde Notario.

Que no sólo son tapones
que el desperfecto es muy vario
por muchas de las razones
que nos quiera dar Notario.

Ademais este evento aproveitouse para establecer un paralelismo entre o Liceo barcelonés e a muralla romana.

Mientras se llora sobre las ruinas (que más bien parecen cenizas de falla),
en nuestra ciudad de Lucus Augusti,
sin que a nadie importe
se cae la Muralla.

Venga usted a Lugo, señorita Alborch.
Venga usted, ministra de sonrisa clara
venga a condolerse, como en Barcelona

[23] Dario "El Progreso", 15-2-1994.

al ver el estado de nuestra muralla.

No ano 1995 non houbo enterro, mais si volveu a saír cunha climatoloxía adversa no ano 1996, repetindo a mesma organización; os mesmos criterios para dispoñer a comitiva; o mesmo percorrido e as mesmas cantigas, tanto na Praza do Campo como na da Soidade, que en anos anteriores. Varios membros da coral de San Antonio cantaron algunhas coplas referidas aos concelleiros, que integran o grupo de goberno.

## *III. O ENTERRO DA SARDIÑA NO SÉCULO XXI.*

No ano 2000 ***Mercedes Barreiro González***, filla de ***José Barreiro***, e o seu cónxuxe ***Andrés Rubino*** decidiron recuperar a "Confraría do Enterro da Sardiña" [24] como fundamento imprescindible para que este peixe puidera seguir enterrándose simbólicamente coma sempre. Inicialmente contaban co apoio inestimable do concelleiro de Cultura, naqueles intres o ***Sr. Eguibar***, e do Círculo das Artes. Tamén desde o primeiro momento tiveron o apoio de coñecidos;de membros da devandita confraría; e de moitas persoas en xeral , xa que veían con agrado a recuperación dun evento, que tivera moita repercusión social na cidade de Lugo.

Pois ben, este mesmo ano, decidiron sacar de novo o Enterro da Sardiña polas rúas da capital lucense. Por tal motivo comezaron cos preparativos e os ensaios pertinentes. Estes últimos fixéronse, coma sempre, no Círculo das Artes, de onde o mércores de cinza saiu a comitiva fúnebre as oito da tarde.

O desfile do enterro ía encabezado polo estandarte da Moi Nobre e Festiva Confraría da Parranda, que é unha réplica do mascarón pintado por Goya. A continuación, o"Gran Espetón", especie de sumo sacerdote, vestido cunha roupaxe de cor negro- capa e capuchón- e vermello, que é o encargado de recitar os ferretes no transcurso do percorrido procesional e, logo, ao seu remate no templete da música; vai acompañado námbolos dous lados dunha parella de acólitos provistos de incensarios. Logo, ven a sardiña de cartón cravada nun tridente, e námbolos dous lados unha parella de confrades cos carteis, que fan alusión ao Círculo e ao Concello, como entidades colaboradoras do evento. Posteriormente, o cadaleito da sardiña levado nas súas andas por seis pescadores cos seus traxes de faena de cor amarelo; vai acompañado de dous confrades, que portan os estandartes alusivos a D. Carnal e a Dª Coresma, e de dúas ringleiras de confrades vestidos con roupas de cor negro. No centro da comitiva fúnebre vai a banda, cuxos

---

[24] Fundada no ano 1985 por José Barreiro, xa finado. Tamén chamada "Moi nobre e festiva Confraría da Parranda".

integrantes van vestidos con roupaxe de cor vermello. Na parte final do enterro adoitan ir os seguintes estandartes: o do gato, coa sua tixola baleira de peixe; outro, coa grella; e finalmente os do burro e o porco, que levan inscritos dous ferretes que a confraría adoita cantar nas Prazas do Campo e a Soidade, respectivamente.

**Estandarte do Burro**

***Este é o burro do Entroido,***
***levántalle o rabo***
***e bícalle o coiro,***
***bícallo ben,***
***ata o ano que ben.***

**Estandarte do Porco**

***Este é o cerdo de San Antón,***
***dende o fuciño***
***ata o xamón,***
***todo él sabe ben,***
***in secula seculorum. Amén***

Pechaba a comitiva fúnebre o coro xeral e o público acompañante.

Con respecto ao  percorrido iníciábase na Alameda ao carón do Círculo das Artes, onde se entonaba o primeiro canto, anunciando deste xeito o comezo da escenificación. Logo proseguía por Conde Pallares e a rúa da Cruz, onde adoitaban deterse diante do bar Anda, para dedicarlle a súa peña unha das estrofas do “Canto patético”, interpretado na procesión.

A primeira parada importante tiña lugar na Praza do Campo, onde o Gran Espetón, recitaba as primeiras estrofas do Enterro da Sardiña, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno, relacionado co estandarte do burro.

A comitiva fúnebre, logo desta parada, continuaba a súa marcha pola Ruanova ata chegar á Praza da Soidade, onde se detiña de novo. Aquí o “Gran Espetón” volvía a pronunciar outras estrofas adicadas a Praza do Rastro e a capela da Soidade, sendo coreado cun estribillo pola confraría en pleno, mais esta vez relacionado co estandarte do porco.

Logo de cubrir o traxecto por Santo Domingo e a rúa da Raíña, a comitiva dirixíase, atravesando a Alameda, ao templete da música. Neste lugar, ao igoal que fixera na Praza do Campo e da Soidade, o Gran Espetón, recitaba un longo repertorio de “ferretes” onde a crítica ao Concello constituía a nota esencial. Finalizada a interpretación da última salmodia procedíase a enterrar simbólicamente  á sardiña entre os lamentos das choronas.

No intre actual, tanto a estructura da comitiva fúnebre como o percorrido que realiza segue sendo o mesmo. Hai pequenas variacións en canto que a participación e máis numerosa, e logo poden incorporarse carteis alusivos a problemas moi puntuais.

En relación os ferretes, todos estaban e siguen estando escritos en galego. Sen embargo, no Canto Patético houbo no transcurso destes anos algúns cambios***:***

Uns estiveron relacionados coa participación de moitos bares, situados no casco vello da cidade, no evento. Polo tanto, non resulta estraño que se elaboraran estrofas alusivas a esta colaboración, e que foran recitadas durante algúns anos, ata que se decidiu conceder aos bares colaboradores uns diplomas acreditativos.

***COPLAS ADICADAS AOS BARES COLABORADORES***

Paramos a procesión
que ninguén siga (bis)
pois nesta estación,
temos o "VIGAS" (bis)

Loce crespóns de loito
a "PENA ANDA" (bis)
para honrar o festexo
da sía "parranda" (bis).

Chegamos a Catedral
para rezar, (bis)
pero antes no "DANIEL",
imos parar. (bis)

Entramos todos na praza
co San Vicente, (bis)
que aquí tamén "O POTE"
está presente. (bis)

Bebamos todos no "CAMPOS"
máis no "TOSAR", (bis)
que tamén no "BAR ANTAS"
van convidar. (bis)

Do "XARRA" e máis do "KOKA"
trae un groliño, (bis)
e pola Rúa Nova
vai a modiño. (bis).

Sigamos a andadura
na "NOSA TERRA",(bis)
que o "MESÓN DA RÚA"
xa nos espera. (bis).

A partir do ano 2009, elaborouse un novo Canto Patético, que recolle algunhas estrofas do anterior.

**CANTO PATÉTICO PARA INTERPRETAR NA PROCESIÓN**

***ESTRIBILLO*: (1)**

**ESCOITADE O MEU CANTO**
**ESCOITADE O MEU CANTO**
**E DAS FRIDAS CHORONAS**
**O SEU TRISTE PRANTO.**

1. Oíde os tristes arpegios
desta salmodia (bis)
que anuncian o comezo
da gran parodia (bis)

2. Celebra a confraría
este esperpento (bis)
ó darlle á sardiña
o paramento. (1)

3. O cadaleito levamos
con gran tristura (bis)
coa cuaresma vaise
tanta fartura (bis)

4. Facemos o vía crucis
imos rezar (bis)
o camiño da Cruz
hai que empezar (bis)

5. Baixando a rúa da Cruz
segue o camiño (bis)
para matar a sede
veña un groliño (bis)

6. É obrigada parada
a Praza do Campo (bis)
xunto ao San Vicente
fai un descanso (bis).

**RECITADO PRAZA DO CAMPO**

***ESTRIBILLO.***

**ESTE É O BURRO DO ENTROIDO**
**LEVÁNTALLE O RABO**
**E BÍCALLE O COIRO**
**BÍCALLO BEN**
**ATA O ANO QUE VÉN.**

7. Comer e beber na praza
e forzas coller (bis)
para seguir o vía crucis
sen padecer (bis)

8. E temos moitas capelas
pra visitar (bis)
que pola Rúa Nova
has de parar (bis)

9. Sigamos a andadura
coa nosa oración (bis)
na Praza da Soidade
colle o porrón (bis)

10. Morreu a triste sardiña
esta mañá (bis)
o mércores de cinza
vana enterrar (bis)

11. Cantade homiños de Lugo
a cancioncita (bis)
que ata o novo quiosco
leva a sardiña (bis)

**RECITADO PRAZA DA SOIDADE**

***ESTRIBILLO.***

**ESTE É O POCO DE SAN ANTÓN**
**DENDE O FOCIÑO**
**ATA O XAMÓN**
**TODO EL SABE BEN**

16. Adeus cachola e dente
chourizo e xamón (bis)
tamén nos despedimos
do bo lacón (bis)

**IN SECULA SECULORUM. AMÉN.**

12. Mirade a Praza de Abastos
murcha e silente (bis)
por ser hoxe a sardiña
a gran ausente (bis)

13. Están as donas da casa
Tristes e mudas (bis)
ó quedar a coresma
sen cabezudas (bis)

14. Quedou o gato amoucado
"n'outa" cociña (bis)
"ó noon" ver no prato
a súa sariña (bis)

15. Comeza a abstinencia
con grande door (bis)
enerxía pra pasadla
danos Señor (bis).

17. Loor a Goya e Lucientes
xenio da arte (bis)
que nos deixou impoñer
este estandarte (bis)

18. Gloriemos ó rei castizo
Carlos III (bis)
promotor en España
deste enterro (bis)

19. Co seu canto derradeiro
remata axiña (bis)
a procesión do enterro
desta sardiña (bis)

Polo que respecta aos ferretes que "O Gran Espetón" pronuncia desde o templete da música da Praza de España[25] varían todos os anos, xa que a nota esencial dos mesmos é a crítica que se fai das autoridades estatais, autonómicas e sobre todo municipais.

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2000***

Nas salmodias ou ferretes, que vai pronunciar "O Gran Espetón" na Praza de España, reflíctese unha critica á política municipal e á da Xunta con respecto a ubicación do Hospital Xeral. Unha censura en canto aos problemas existentes no edificio Multiusos da Xunta relacionados coa ventilación . Finalmente, tamén, un xuizo desfavorable con respecto aos terreos da Ronda Norte**…**

A todo pobo de Lugo
ó persoal forasteiro
escoitade con atención
ó voso irmán Espetón

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos**.

**NO CONCELLO DE LUGO**
**NON SE SABE QUEN MANDA**

Nin a Xunta nin o Concello
poden coa especulación
en temas da construcción
só manda a Asociación. **(1)**

O novo Hospital Xeral
Non se sabe quen o argalla
xa veredes como ó final
lévano para Baralla. **(1)**

[25] Algúns anos por obras no templete da música , levouse a cabo nun palco construído ao carón do Concello.

**SE OROZCO REXE MOITO**
**MOITO MÁIS GOBERNA BRANCA**

A xente con inquedanza
a negra data esmorece
e queda sempre temerosa
o fatal número trece. **(1)**

Máis ollade para o P.P.
¡que bo peliño lles loce!
…pois quedáronse de pé
ó quedar só con doce. **(1)**

E zúmballe o boneco
e o boneco zumba
no Concello de Lugo
o P.P. xa non retumba. **(1)**

Os partidos progresistas
tralo pacto decisorio
afóutanxe xunta-las listas
para mandar no consistorio. **(1)**

As virtudes dos partidos
non cambian “nin por esas”
en canto están no cume
presto escuecen as promesas. **(1)**

E o pobo segue igual
ninguén lle muda o embigo
que unha cousa é predicar
e outra cousa é dar trigo. **(1)**

Máis con esta nova rúa
de solo xa non hai falla
que moita xente especula
aló pola Garaballa. **(1)**

O PSOE di que é Fomento
o P.P. que se é o Bloque
así temos o esperpento
que é a rúa de San Roque. **(1)**

Dixeron os que gobernan
que con votos abondosos
en quince ou vinte días
adeus pasos perigosos. **(1)**

Por riba do Castro de Lugo
furan e fan retratos
Non atinan coa solución.
E ármase o gran cacao
nin se fai en Montirón
nin alí en San Cibrao. **(1)**

No multiusos da Xunta
traballan con mascariñas
¿quizabes mellor non estaban
nas antigas oficinas? **(1)**

Tamén esixen fiestras
porque aire puro fai falla
poden colle-las carpetas
e traballar na Muralla. **(1)**

Con tanto mudar de terreo
para o cuartel de San Fernando
se non nos están a enganar
é que nos están toleando. **(1)**

Faremos unha novena,
un triduo e responsorio
a ver se ó final sae á escena
o prometido Auditorio. **(1)**

A Ronda Norte de Lugo
endosáronlla a Fomento
pois para pagar as terras
non hai cartos no Concello. **(1)**

Ó lado, no Monterrey,
indagan vestigios e razas
e os restos cos que topan
son xarras, vasos e tazas. **(1)**

A Avenida da Coruña
acaban de rematala
a ver se antes de tres meses
non volven xa a furala. **(1)**

Esteamos sempre unidos
esta é a nosa cidade
e á muralla que a fagan xa
patrimonio da Humanidade. **(1)**

Cidadáns de Lugo enteiro
acábanse estas letriñas

das canles e das vivendas
dos sobriños de Pilatos. **(1)**

¡ Ata o ano vindeiro
noutro enterro da Sardiña! **(1)**

--------------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2001.***

Nas estrofas ás que vai aludir "O Gran Espetón" desde a Praza de España, criticanse certos problemas, que afectan á cidadanía de Lugo. Así, faise mención á contaminación do río Miño; á especulación do casco urbano e da ronda exterior; aos obstáculos do Concello para rehabilitar a Praza do Campo; aos problemas de tráfico. Tamén se fai referencia aos problemas entre os políticos do PP. – Cacharro e Iravedra- **…**

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

***ESTRIBILLO*. (1). Recitar todos.**

**ONTE FOROS POPULARES**
**HOXE BLOQUE E SOCIALISTAS**
**QUEN GOBERNA ESTE CONCELLO**
**SEMPRE SON OS CONTRATISTAS**.

Na cidade de Lugo
hai moitas caralladas
todo o río leva lixo,
e as casas suxeitadas. **(1)**

Lugo é, sin lugar a dúbidas,
"cuna" de especulación,
das cidades desta España
é innominia e valdón,
non só do casco urbano
e da ronda exterior,
¡ Qué vergoña Carrefour
e o recinto exposición! **(1)**

Asesinaron con saña
ó sofrido Padre Miño,
deixárono sin carballos,
sucio, agónico e podrido,
e leva a súa gran dor,
coa indefensión dun "niño". **(1)**

Un pedazo da torta

¡ Señores do Concello
que falades tanto!
calade e amañade,
a nosa Praza do Campo,
¡ e se asiña non o faceis…!
por tenerla deste xeito
proponemos que se colgue
cada mes a un Concelleiro. **(1)**

Xentes cheas de coraxe,
de ilusión e de cariño,
abriron con gran valor
e tamén con moito tino,
un local de hostelería,
cheo de gusto e sentido
na zona máis maltratada
desta cidade de Lugo,
despellejada e ruinosa,
na mesma rúa do Miño.
¿Qué pasa con nosos gobernos
que non nos deixan medrar,
rehabilitando con xeito,
zona tan particular?
¿Ou é que pretenden de novo
o volver a especular? **(1)**

A Muralla é un Patrimonio
que sempre tivemos en Lugo,
a Unesco quixo que fora,
un ben para todo o mundo,
que é Patrimonio Mundial
a susodicha sí nolo dixo,
¡ como se non o soubéramos xa! **(1)**

do noso gran murallón,
reparalo xa costou
medio ovo e un “riñón”,
Supóñase o auditorio
se escoita esta reflexión,
que o ovo e medio que queda
o “riñón” e o corazón,
non serían suficientes
“pa” desbrozar de follaxe
todo este gran torreón. **(1)**

Uns dende os Paxariños,
e outros dende a Piringalla,
todos puxeron libriños
no Cumulum da muralla. **(1)**

No Concello de Lugo
toda a xente se pregunta
¡ Por qué o Alcalde promete
e non dá nada nunca?
Pedimos un auditorio
¿ E para cando será?
entre dimes y diretes
xa quizais non chegará. **(1)**

As funcións do Auditorio
teñen moitos achegados
pero di a oposición:
“non hai asentos numerados”.
Non é problema dos números,
é que se fai pequeño,
que fagan outro máis grande
“pa” que entre Lugo enteiro. **(1)**

Eguibar non ten pelo
de tanto traballar,
que chame a Xoán Méndez
“pa” que lle veña axudar. **(1)**

Xoán Méndez dí sempre:
“todo é improvisación”
pois que chame aos seus colegas
e menudo colocón. **(1)**

No PP manda Iravedra,
que moitos males o aflixen.
En cousas desta provincia
Cacharro é o que dirixe. **(1)**

O ciclo de teatro clásico
e tamén a Caixa Nova,
actualizaron con triunfo,
nesa cousa, que non sei…
porque chámanlle auditorio,
xa o dixo Concha Velasco
chea de frío e rabiosa
“Isto si que sigue sendo
un completo matadoiro”. **(1)**

Xa protestan os pedáneos
que non os atende Orozco,
recorren a dona Branca,
“pa” que desfaga os entornos. **(1)**
Se lle din a Xosé Clemente
estando de profesor,
que Branca lle ía a tomar
diariamente a lección,
mandaría ata á merda
a cadeira e o bastón. **(1)**

Se Orozco di que si
e Branca di que non
con esta disquisición
vaise o mico de collón. **(1)**

Pedímoslle a Liñares
que saia axiña á rúa
e que o tráfico amañe
sen chamar tanto á grúa. **(1)**

De político en discordia
actor de cinematógrafo.
Fraga vai ser contratado
nun papel estelar
para protagonizar
Parque Jurásico 2. **(1)**

A oposición berra e berra
e non deixa de berrar.
¿Qué fixeron eles antes?
que lle pregunten a Xoán. **(1)**

No Incio e tamén en Sarria,
xa apareceron dúas vacas
desas que chaman tolas,
mais eso é “una cosita”

Como se apelida Arias,
o bo de don Ramón,
por culpa de algúns parias,
deixárono sen “sillón”,
e así por ese motivo,
está que bufa o señor. **(1)**

que casi a ninguén lle importa.[26]
¿ Tampouco nos va a importar,
aínda que pode traer cola…,
que no goberno central
teñan outra inoperante,
que non sei si é outra vaca
pero si sei que está tola? **(1)**

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

¡VIVA O ENTROIDO!

------------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2002***

Nos ferretes que “O Gran Espetón” vai pronunciar na Praza de España faise unha crítica ao principe; ao exceso de coches que se atopan polas rúas; a falta de seguridade en Lugo en canto ao roubo de coches…. Pola contra tamén hai unha louvanza ,que recibe a Corporación municipal, por dar luz verde ao problema da Tinería.[27]

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

***ESTRIBILLO.* (1). Recitar todos.**

**O CONCELLO DE LUGO
É O ULTIMO DO CARRO
DIN CA CULPA TENA OROZCO
E TAMÉN PACO CACHARRO**

Con afrentas e dislates
non se amaña a situación,
noso pobo necesita
xente de máis comprensión. **(1)**

Hai peixes “Gordos”
que solo miran

Parece ser que Eva Sanum
xa non vai ser princesita
desamores amañados
eso é o que han tramado
¡ Que llo conten a Rita” **(1)**

O Buque Insignia de Lugo,
é a Muralla e o Breogán,
por eso Paco Cacharro
non deixa de “traballar”… **(1)**

E vostede señor Presidente
da gloriosa Reputación,
non faga oídos sordos
ás chamadas de atención. **(1)**

Se o “Progreso” se nos reduce
para o ano 2010
¿ Que coño fai neste pobo
a Corporación a tres? **(1)**

---

[27] BARREIRO GONZÁLEZ, Mercedes e RUBINO, Andrés.

o noso ben…
vivindo sempre
do “aire sano”
que nos mantén. **(1)**

Mouros na Costa
“España va bien”
¿e a nosa Flota
quen a mantén? **(1)**

Vaino a ter moi difícil,
con o PP candidato
de profesión Zapatero
se non me falla o dato. **(1)**

Ante o seu novo pisito
o principe sonreíu
¡ Eu me pregunto abraiado!
¿E todo este despilfarro
de onde coño saíu? **(1)**

Múltiples bravos lles damos
seus fillos agradecidos
a nosa Corporación.
Que despois de tantos anos
parece que conseguíu
o que este pobo quería:
Que toda a Tinería
deixe de ser un rincón
e pola rúa do Miño
se poida pasear un meniño
sen medo nin precaución. **(1)**

“Levántate e anda”
Lázaro poido escoltar,
Levantado está todo Lugo,
mais andar non se pode andar. **(1)**

Polas rúas de Lugo,
non se pode camiñar,
de tantos coches que nela
están sempre a aparcar. **(1)**

Pedímoslle ó señor Liñares,
que arranxe este percal,
que poña aos municipais,
onda eles teñen que estar. **(1)**

A seguridade que ofrece
este Lugo singular,

En fin, bailen todos, os tres,
PP, PSOE e BLOQUE,
que os lucenses melloraremos
cando a sorte nos toque. **(1)**

Non fagan caso, señores,
que aquí se vive moi ben,
fai as festas Manolita
e as queimadas D. Manuel. **(1)**

Todo o Concello quere
sanear a poboación,
e o pobo agradécello
todo cheo de emoción.
Botellas, cacharros e cascos
¡ todos ó contenedor! **(1)**

Para falar do monumento
da magna Humanidade,
agora xa os lucenses,
presumimos de cidade. **(1)**

Ser seremos os últimos
en riqueza e benestar,
pero quedamos primeiros
coa Muralla a rebentar. **(1)**
Que aquí non chega o tren
nin hai comunicación…,
¿Para onde imos marchar?
¿Onde se vive mellor? **(1)**

A Señora Branca Pazos
que descanse unha miguiña
que tampouco amaña tanto
por ir moito máis asiña,
que coma algo de cocido,
que lle perdoa o Señor
aínda que seña Coresma
logo vén a contrición. **(1)**

Pero o noso alcalde que teña
coidado co pantalón,
que logo o cinto non lle ata
con tanta satisfacción. **(1)**

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio

¡é que lle rouben o coche
ó concelleiro principal…! **(1)**

en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

¡VIVA O ENTROIDO!

-------------------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2003.***

Os ferretes o salmodias, que o "Gran Espetón" vai recitar na Praza de España, son un reflicte da crítica, que algúns sectores da cidadania lucense fan do accidente de petróleo nas costas galegas; da política levada por Fraga desde a Xunta; e da levada por Aznar desde o Goberno Central. Asimesmo hai unha crítica a Aznar con motivo da guerra de Irak e a menor escala outra a CEL. Pola contra encontramos louvanzas con respecto aos voluntarios, que viñeron a axudar a retirar o petróleo das nosas costas.

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos.**

**XA PASARON CATRO ANOS**
**CON ESTA CORPORACIÓN**
**SOCIALISTAS E BLOQUEIROS**
**XUNTOS CANTAN O ¡ ALIRÓN!**

Cun funeral de cores
os "negrillos" xa partides…
e o segredo dos amores
dos lugueses compartides,
decímosvos ¡ATA SEMPRE!
coa alma e o corazón
ós que por tempo ornasteis
a nosa Praza Maior.

O Concello de Lugo
encheunos de "farol".
E din a oposición
que isto agora vai peor.

Os chafulleiros da CEL,
cantaron o Bin Bon,
votaron a Dapena,
para enterrar o gran follón. (1)

Tratándose da CEL,
a desfeita é singular,
por ser entidad paralela,
á Cámara Provincial.

Comerciantes e Industriais
deberanno pensar,
e non pagar unhas coutas,
que nin Dios sabe onde van. [28]

Có Breogán témola teima,
de non podelo soportar,
sin que medie D. Francisco
que é a Diputación Provincial.

Si outro tanto pasara
co fútbol e o boleibol,
non habería pugilato,
entre as nosas aficións.

Y é que en Lugo, por desgracia

---

[28] BARREIRO GONZÁLEZ, Mercedes e RUBINO, Andrés.

Menos mal que agora temos
mulleres candidatas,
ben lle cómpre ó Alcalde,
a experiencia pra estas datas.

Xa veñen as eleccións
¡que diaño de enfrentamento!
Un home e dúas mulleres
¡ non sae o tanto por cento!.

¡ Ai, dona Manolita!
raiña da formación.
¿E si es cabeza de lista
para xefa da oposición.

Moito corres por Lugo
pra gañar na elección.
Máis corrías co Mariano
naquela presentación.

Mais díxolle Vázquez a Fraga:
Non fagas o chufantino…
que che dimitiu Cuiña,
e outros van polo mesmo camiño.

Agora é o peixe,
e antes foi a carne,
¿Para onde vai Galicia?
Digao Señor Iribarne.

Tolea a oposición,
fágase o que se faga,
a ver quen poñe o capón
pra botar da Xunta a Fraga.

E os premios MAX non se deron,
por medo a que se falase…
do que Manolo e Aznar
non souberon arrancar.

Aznarín, Aznarín,
home de moito bigote,
veña axiña a Galicia
pra sacar o chapapote.

Manche os pés en aceite,
Garde as súas finuras,
Hai que estar Presidente,
coas verdes e coas maduras.

hai que estar ás subvencións,
pois os cartiños das xentes,
non veñen de mogollón.

A nos aterra estaba
pobre ata o gañote.
E por si algo faltaba,
bótannos o chapapote.

O barco xa se afunde
haino que alonxar,
namentres ti e mais eu,
imos indo a cazar.

A sardiña cabezuda,
afoga no chapapote,
agora tódolos políticos,
queren chupar do bote.

Deixemos de pedir
deixemos de chorar
agora o que nos queda
e saber a quen votar.

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

¡ VIVA O ENTROIDO!

E faga o amor, Presidente,
faga o amor e non a guerra,
déixenos vivir en paz
mentres gocemos na terra.

Dígalle ó Sr. Bush
que ten dabondo en Galicia
petróleo, naturalmente,
e sin pagar nin franquicia.

As gracias infinitas
témoslla que dar
a tódolos voluntarios
que nos veñen a axudar.

-------------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2004***

Os ferretes aos que o “Gran Espetón” vai aludir desde a Praza de España reflicten certas criticas por parte dalgúns sectores da cidadania lucense contra a contaminación e paulatina destrucción do río Miño. Tamén contra a potabilidade das fontes e contra o tráfico pola Ronda. A nivel de concello plasmase como a cidadanía está cansada de predicamentos e quere resultados. Sen embargo tamén e consciente de que a oposición agora critica o labor municipal, mais cando estaban iles faciano igoal. A nivel de goberno central hai unha critica a Aznar por deixarnos metidos na guerra de Irak…

A todo o pobo de Lugo
a aó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

***ESTRIBILLO*** **(1). Recitar todos.**

**E XA TEMOS UNHA PONTE**
**FIXERONA OS ROMANOS**
**E AGORA QUE SE BIQUEN**
**O ALCALDE E O SEÑOR CASCOS**

Comezamos a plegaria
con moitísimo fervor,
xa que o alcalde Orozco
é un bo predicador.
Cando se lle pide algo
toma nota. Si señor,
rifa co señor Clemente
a ver se así entre os dous
“distraemos ben a xente”. **(1)**

E como hai eleccións,
aquí veñen os políticos,
con moitas proposicións
e dándolle moito o pico.
Ministros galegos prometen
que gobernen desde España,
pero os problemas de aquí
é aquí onde se amañan.

Que resolvan o problema
da nosa ocupación.
para que non sigamos sendo
o País da Emigración.
sábenno quen nos visita
pero ninguén se molesta

que resolva este labor.”.**(1)**

Co plano estratégico
ten a todos ocupados
¡Mais, Señor alcalde!
nós queremos resultados.”.**(1)**

E Dona Manolita
perdeu a elección
pero como recompensa
déronlle un cargo mellor.
E ela mentres tanto
denuncia ao rexidor
pois dí que policía
escoita sen ton ni son.”. **(1)**

Os cidadáns de Lugo
estamos xa moi contentos
pois a Pasarela
traénos Fomento.
E da nova ponte,
¿Qué hai?
Xa sabemos que…
Polo río vai,
E por isto don Francisco”. **(1)**

E da oposición
non queremos falar
que cando gobernaban eles
facíanno igual.”. **(1)**

E decísmolle D. Clemente
que con semellante asignación
non lle toca un Pasodoble
nin a banda do Bim Bom. ”. **(1)**

Do Concello Dona Branca
despediuse con emoción
por todo lle desecamos
éxito no seu labor. ”. **(1)**

E non toques a política
pois é tema delicado,
non seña que tamén che
toque pasar polo xulgado.”. **(1)**

Xa nos dixo o presidente:

en pedir auga bendita”. **(1)**.

Non son potables as fontes
está carrañoso o Miño
e a auga que consumimos
Pódenos o noso petiño.”. **(1)**

E os que pola Ronda
tódolos días pasamos
xogamonos a vida
xa que non temos semáforos.
Nesta cidade de Lugo
todo está levantado,
e con esto das obras
andan todos enfrontados.”. **(1)**

E da nosa amada Banda
o Concello só se acorda
polas datas do outono
na enchenta da Patrona
convértenna en cuadrilla
Vannos botando a todos
e baleirando as sillas.

Que pasa dona “Concepción”
cós músicos becarios
¿que da Banda non os bota
porque cree que son máis sabios? ”. **(1)**

Aznar vaise displicente
desafiante e burlón
e déixanos nunha guerra
de barbarie e sinrazón.
Mediocridad e desprezo
son as divisas de Aznar
con tan boas cualidades
¡ Nos dán ganas de chorar!”. **(1)**

Cascos conseguiu un trofeo
non foi no mar nin na ría
¿Adiviñan vostedes?
Foi nunha Galeria. ”. **(1)**

Se os xornalistas preguntan
Trillo un Euro lles dá
para que pechen a boca
e nos diesen de informar.”. **(1)**

Letizia, nosa señora

"La que al andar culea
y al mirar sus ojos mece,
ser no lo será,
pero parecer, parece"
Sendo él desta opinión
¡ que lle imos a contar!
as mulleres, xa se sabe
na casa deben estar.". **(1)**

Rajoi e mailo Zapatero
Están a gobernar
aló no mes de Marzo
veremos a quen votar.
Zeta Pe vai á carreira
pra sair da oposición
e se desta vez non sae,
zapa zapa zapatero,
zapatero remendón.". **(1)**

Bush premiou ó seu lacaio
dándolle acento tejano
e a os demais españois
nos van tocar o carallo.". **(1)**

hai que darlle moita caña
vai de plebeya a señora
e despois…¿Será a raiña de España?
Outra boca que alimentar
na monarquía española
Aforremos uns euros
pra poder pagar a Boda.". **(1)**

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
quí fronte ó Consistorio.". **(1)**

**¡VIVA O ENTROIDO!**

------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA DO ANO 2005***

Nos ferretes que o "Gran Espetón" vai recitar desde a Praza de España está reflectido como algúns sectores da cidadanía lucense piden un auditorio e unha ponte nova. Tamén está plasmada unha critica aos bolardos nas aceras polos problemas que ocasionan. Asimesmo hai unha censura ao Sr. Cacharro, que todo o dirixe mesmo co dedo, e a Sra. Manolita por deixar o Concello por outro posto máis axeitado. Isto mesmo pasoulle a Branca no Concello, xa que non lle debeu gustar o posto no que quedara. Pola contra, nas salmodias faise unha louvanza do traballo, que leva a cabo no Concello o Sr. Fernando Blanco.Como remate, faise unha crítica daqueles ministros, que veñen encantados a xantar o polbo a Lugo, mais axiña esquecen as súas promesas.

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

*ESTRIBILLO* **(1).** Recitar todos.

Aquel goberno amigo
moito nos ía dar.
Máis aquí todos seguimos
os últimos do lugar.
A ver se o noso País
comeza a despegar

**Goberne quen goberne**
**a nós non nos importa**
**queremos ver a Lugo**
**con mais pulos e mais forza**

Comecemos a rezar
e a pedir con devoción,
que do Alcalde Orozco,
teñamos a mediación.
Pois el gábase que oficia
de sacerdote maior. **(1)**

Filósofo Orozco
pídelle ó Santo Aquino
que che axude a rexir
a cidade con máis tino. **(1)**

En Lugo demandamos
Auditorio e Nova Ponte.
Que levamos moitos anos.
Xa non é cousa de onte. **(1)**

Da ponte sobre o Miño
é mellor non falar
será mellor lugueses
que aprendamos a nadar **(1)**

¡ Hai señores! Menos rezar e
mais traballar.
Que as cousas non conseguimos por
Moito fotografiar.
Alcalde e máis ministros
¡ Que isto vén de moito atrás! **(1)**

Ponerse uns bolardos
que moito ben nos fan.
Rompendo pernas a eito
Axudan a Sanidá. **(1)**

Cacharro o de San Marcos
señor e cabaleiro
manda, dicta, dirixe
e move tamén a dedo. **(1)**

O Sr. Cacharro
moi anoxado nos anda
pois nono convidou Madalena
na entrega Ponte de Alcántara
con políticos que esixan
despois de xestionar**.** **(1)**

Uns tiran para acó
outros tiran para aló,
pero isto só se amaña
se tiramos a favor.
¡Esquezamos as liortas
Por un futuro mellor!..**(1)**

O Bloque e mailo P.P.
Xuntos fan a oposición
sen creer que os do Goberno
ganaron por mogollón. **(1)**

Dona Blanca e Manuelita
o concello abandoaron
non lles gustou para nada
o posto no que quedaron. **(1)**

O novo Subdelegado
é un home moi marchoso
en Lugo e na provincia
sempre vai moi fachendoso. **(1)**

O noso alcalde Orozco ten vara alta en
Madrid.
Zapatero, Blanco e os seus…
todos xantan por eiquí.
En medio das papatorias do polbo cañas
e tejas.
Os ministros se indixestan e esquecen
as súas promesas. **(1)**

O Concello de Lugo é
o de “ SE DEUS QUIXER”
se Deus quixer temos Ave
e se non teremos tren.
se Deus quixer vén a Rozas
se Deus quixer a Teruel.

Se Deus quixer, Auditorio, Ponte e
limpo o río hemos ter.
Se Deus quixer, dos Paxariños
o parque hannos facer.
Se Deus quixer, Madalena
e Jesús e máis José. **(1)**

Nin facendo a oposición
o P.P. e máis o Bloque.

Di que o ministerio
non ten planificación
e que José Blanco non sabe
de administración. **(1)**

Paco non fagas caso
de Blanco nin de Martínez
non son nin populares…
ti es o que máis dirixe. **(1)**

Algúns rexidores
fixeron moito por nós.
Sacrifícanse, señores
que un alabar a Dios.
Por exemplo, o Sr. Aja,
foivos o mártir maior
comendo tanto marisco
para a súa promoción.
Tamén Dona Manolita
por Lugo se sacrificou
fuxindo do concello
para outro chollo mellor. **(1)**

O Bloque nacionalista
no Concello, sempre traballando
para eso está o loitador,
o señor Fernando Blanco. **(1)**

Este Concello sigue sendo
a casa de Tocamerroque. **(1)**

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano
estaremos aquí diante do Consistorio.

**¡ VIVA O ENTROIDO!**

-------------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA DO ANO 2006***

Algúns sectores da cidadanía de Lugo expoñen os seguintes motivos de crítica nunhas salmodias ou ferretes, que vai mencionar o Gran Espetón desde a Praza de España. Así, fan unha crítica ao Alcalde e aos concelleiros, que teñen moi boas palabras, mais poucos cumprimentos. Tamén censuran a chegada de Madrid dun director da garda municipal, habendo persoal competente na cidade. Asi mesmo seguese pedindo o Auditorio e a Ponte Nova como algo que xa parece irrealizable. Finalmente mostrase en desacordo contra os desaxustes existentes nas subidas dos salarios…

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

Fun a Lugo nas festas do Corpus
tamén fun polas festas do San Froilán.
Iban facer a Ponte
que aínda está sin comezar. **(1)**

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos.**

**Se ó alcalde lle preguntas,**
**o que se vai facer.**
**“Farémolo entre todos”.**
**Iso hache responder.**

O alcalde e máis Besteiro
Están a ensinar o PXOM.
Pois de súpeto seremos
unha grande poboación. **(1)**

O dobre que en Compostela
teremos de ocupación
Así tódolos contratistas
terán participación. **(1)**

Señor López Orozco
querido alcaldiño.
Sigue coas boas palabras
Pero cúmpreas un pouquiño. **(1)**

Maiorías no son boas
traballan o seu querer,
¡Iremos de noraboa
se non volve a acontecer! **(1)**

A nosa Praza Maior
parece un “rastrillo”
onde calquera cousa vale
facendo un “batiburrillo”.**(1)**

Os leóns xa fuxiron
Ao ver tanto exterminio,
por eso del fixeron
Ao cemiterio un camiño.**(1)**

Ímola virando, Orozco
con paciencia e con tesón.
Tan pronto se nos acabe…
¡irás toca-lo acordeón!. **(1)**
Fixaivos na sabedeira
que o goberno pon en todos nos:
En Lugo non hai valores,
inteligencia, nin persoal.
E tráennos de Madrid un mozo
de director da garda municipal.**(1)**

Xerente da policía

Que todo Lugo se extenda
polo río e maís alá.
Porán no río grandes barcas
para ó outro lado pasar.
Xa que a nova Ponte
neste PXOM non está. **(1)**

O Concelleiro de Urbanismo
¡Está guapo a rabear!
Pero moito máis rabeamos
co PXOM que nos quere dar. **(1)**

Escoite Sra. Burgo:
Nas festas do San Froilán
moito polbo, pan e tracas.
Os que nada lle fixemos
non nos teña castigados
e poña no 2006 cabaliños e barracas. **(1)**

O alcalde e os concelleiros
botan a lingua a pacer,
pero logo as cousas
quedan moito por facer. **(1)**

Concelleiros de Lugo
capullos en flor
que medrais garridos
poñendo o CAZO de honor. **(1)**

Á Mariña luguesa
chegaron as inmobiliarias.
As mesmas que axiña
acabarán coas nosas praias. **(1)**

Que aínda é o tempo
desta desfeita parar.
Que os gobernantes, gobernen
Pensando nos do mañá. **(1)**

García Díez estaba,
e máis déronlle a patada.
Agora non teñen xente
¡Xaquiniño, anda vente! .**(1)**

¡Oh, amado Auditorio!
¿Estarás entre nós algún día?
Porque tanto pedir por ti

e máis xefes a montón.
Pero nas rúas de Lugo
Segue mandando o follón. **(1)**

¿E que podemos pensar
da nova Xunta galega?
A nós súbennos o dous,
Eles, ¡o dez e o que veña! **(1)**

Quero ter un cargo público
¡Eso mola mogollón!
O bolsillo ben “forrado”
A conta do que votou. **(1)**

Mira se D. Manuel tiña
un grande cabezón,
que na súa cachola cabía
toda a nosa nación.
E agora son menester
dous para este labor. **(1)**

¿E que é o que pasa
coa cidade da cultura?
Que o mausoleo de Fraga
Quedou sen sepultura. **(1)**

Paco Vázquez ao Vaticano,
D. Manuel ó Senado,
Así se xubilan agora
estes políticos do pasado. **(1)**

Pepiño Blanco, en confianza,
fixo un gran titular:
Para Rozas unha empresa
os avións vén despezar,
máis con outras promesas
foise voando pra o mar. **(1)**

producenos cagarría. **(1)**

Nin facendo a oposición
o P.P. e máis o Bloque.
Este Concello sigue sendo
a casa de Tocamerroque. **(1)**

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio. **(1)**

**¡ VIVA O ENTROIDO!**

---------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2007.***

Por medio dunhas estrofas ou salmodias, que vai ler o Gran Espetón desde a Praza de España, unha parte da cidadanía de Lugo critican a non realización do Auditorio, da Ponte, da realización dun gran edificio nas costas do Parque de Rosalía. Ademais, tamén se censuran as promesas, que levan a cabo os políticos en tempo de eleccións, xa que a maioría non son cumpridas. Tamén se fai un xuizo desfavorable sobre os que estando na oposición non fixeron, cando gobernaban, aquilo que ahora reclaman…

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos.**

**O lema do Concello:**
**"LUGO PATAS PA RIBA"**
**pra que todos digamos**
**Don Orozco, siga, siga**.

Xuntáronse os tres magníficos
moi riseiros pra facer un pacto:
Asinar un ESTATUTO
que nos subirá moi alto,
pero saíron os tres
facendo FU, coma o gato. **(1)**

Tiráronnos o Teatro
non temos Auditorio
¿Fixo Lugo para isto
algún acto meritorio? **(1)**

Dimos a nosa confianza
esperando mellorar…
A fantasma do Auditorio
Fainos agora pensar. **(1)**

Un defensor da cultura
Dise calquera político.
Mais por unha caprichada
pra o Auditorio, nin un pico **(1)**

No parque un edificio
grande van levantar
e as vistas do Miño
quérennos tapar.
Así verémolo río
no museo virtual. **(1)**

Montes ardendo a cotío,
Improvisación a tope,
e namentres os políticos…
Eu non vou, que vaia Roque. **(1)**

Sabemos señor Orozco
que non cumpre o que promete
¡Pero o dice tan bonito…
que a todos nos enternece! **(1)**

Que a Ponte por aquí
que a Ponte por alá
ponllo pono ao alcalde
pono ponllo ao Benegá**. (1)**

Prohiben andar en coche
de beber e de fumar,
xa solo falta que veten
o acto de fornicar. **(1)**

E para o próximo ano
Concelleira Concepción
Tráianos "teatro clásico"
pero non adaptacións. **(1)**

O alcaldable do Bloque
os seus bens xa declarou
e como saia elegido…,
¡xa veredes como medrou! **(1)**

Xa ven García Díez
correndo para a alcaldía.
Porque o que se está a facer
¡Foi todo idea miña! **(1)**

Concelleiros do P.P.
non faledes tan lixeiro…
que moito que criticades
vos o fixechedes primeiro. **(1)**

Si se vos pasou pola cachola
o volver á Alcaldía.
Poderedes esperar sentados
neses bancos cagados
do parque de Rosalía.

Prestida, Ave e autovías
¿Onde están que non os vemos?

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio

Pasan os días e os anos
¿políticos, qué facemos?
Pois cantemos
o chaca cha ca chá
o chaca cha do tren
que pena de escoltar
cando nos menten ben. **(1)**

Xa veñen as eleccións
¡Miña naiciña querida!
Énchemnos de promesas
Pero poucas son cumplidas. **(1)**

Galegos todos tranquilos
e todos a traballar…
Porque agora ata as bonecas
piden mexar e cagar. **(1)**

Cada quen vai ó seu
do pobo ¡xa nin se sabe!
Pero nestas eleccións
a esta grei de mandilóns,
los va a votar su padre. **(1)**

E o que chegue a Alcaldía
que cumpra as súas promesas.
Mirade que e moita a mies,
non gobernedes cos pes,
facedeo coa cabeza. **(1)**

Nin facendo a oposición
o P.P. e máis o Bloque.
Este Concello sigue sendo
a casa de Tocamerroque. **(1)**

Cal choiva beneficiosa
aos irmans cantores
impondremos a cinza
aos seus corpos pecadores. **(1)**

en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

¡ VIVA O ENTROIDO”

**---------------------------------**

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2008***

Nos ferretes aos que vai aludir “O Gran Espetón” na Praza de España reflicten unha critica por parte dalgúns sectores da cidadanía lucense á que o auditorio e a ponte non fosen construídos. Tamén censura os malos accesos a Lugo; os problemas de

locomoción ao Hula; e as mentiras que se dicen na campaña electoral …Por outra banda díceselle adeus ao Sr. Cacharro, patrón da Deputación lucense, e dáselle unha louvanza a Antonio Penedo, que foi “O Gran Espetón” desta confraría, home elegante e soñador.

A todo o pobo de Lugo
e o persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos.**

**XOAQUÍN DIXOLLE A OROZCO**
**SE QUERES GOBERNAR**
**COMPARTE OS TEUS EURIÑOS**
**CO PARTIDO POPULAR**.

Estivo Augusto en Lugo,
e a PONTE que mandara construir
segue esperando pola NOVA
que aínda está por vir. **(1)**

Eu merquei unha lanchita
vestina con chapapote
por si cae a Ponte Vella
poder pasar sin capote. **(1)**

Da PONTE e do AUDITORIO
xa non queremos falar,
pois como están ameigados
podémonos contagiar. **(1)**

Xa non queremos PONTE
xa non queremos TREN
ímonos para OURENSE
que alí todo lles vén…**(1)**

Nin PLAN DE URBANISMO,
nin un AUDITORIO.
Seguimos o mesmo
neste Consistorio. **(1)**

Moitos permisos e licenzas
hai que formular
pero os accesos a Lugo
están sen rematar. **(1)**

Soiño quedou OROZCO
Có PP ligou OROZCO
có BENEGÁ nin falar,
XOSÉ-ANXO non se come un rosco
os outros dos, todo van papar. **(1)**

Xa veñen as ELECCIÓNS
xa non deixamos de oir.
Promesas de acó e aló
que nunca se han de cumplir. **(1)**

Almorzamos con promesas
e deitámonos igual.
¡ Non saben máis que mentirnos
na campaña electoral! **(1)**

Din que o novo Hospital
está xa a rematar,
pero preguntámonos todos
¿ Cómo faremos para chegar? **(1)**

A BANDA MUNICIPAL
segue con mínimos operarios.
Dínos dunha vez OROZCO
¿ pra que queres os becario? **(1)**

XA ESTAMOS NISO…
Mais nada facía.
Así non lle vota
nin a Sra. María. **(1)**

No Concello de Lugo
téñenche un gran andazo.
Por iso a POLICÍA
Non che move nin un brazo.**(1)**

Nos San Froilanes pasados
muchedumbre, top mantas e ruídos,
e os GARDAS MUNICIPAIS
de folga de brazos caídos. **(1)**

Adeus ó Sr. CACHARRO
que a Deputación deixou
con un pouco de “cabreo”
porque él era ¡ “O PATRÓN”! **(1)**

sin ANXO e sin XOAQUIN,
mais él fura que fura
vai tecendo o calcetín. **(1)**

¡ Ai ESPERANZA, ESPERANZA!
¿Qué che fixo GALLARDÓN?
Pois deixáche ó probe home
Coma o “GALO DE MORÓN” **(1)**

Sube o pan. Sube o leite…
¡ Que fame imos pasar!
Pero baixa o Coello
¡ xa todos a brincar! **(1)**

Hoxe remata o Entroido
e todos de corazón
lembrámonos de Penedo
que foi un “Gran Espetón”. **(1)**

A súa falta notamos
elegante e soñador,
¡con só nomear Penedo,
o Entroido soa mellor! **(1)**

Cal choiva beneficiosa
a os irmans cantores
impondremos a cinza
ós seus corpos pecadores (DOORES)

Sufrido pobo lucense
aquí remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

**¡VIVA O ENTROIDO!**

**------------------------**

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2009***

Por medio duns ferretes, que vai mencionar “O Gran Espetón” desde a Praza de España, unha parte da cidadanía lucense leva a cabo unha critica sobre a crise, que parece ser que só e para algúns. Tamén censuran as políticas corruptas e ao goberno bipartito da Xunta. Asimesmo establecen un xuizo desfavorable contra as ausencias constantes da policía naqueles ámbitos nos que se necesita…

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos**

**O MELLOR DESTA CIDADE**
**SOMOS O POBO LUCENSE**
**ÉNCHENNOS DE PROMESAS**
**E SEGUIMOS TAN PACIENTES**.

Pasarela 2009, ano das eleccións
políticos e políticas
visten CASCOS E LEVITAS
para tódalas inauguracións. **(1)**

Recomendan para a crise
apretar o cinturón
que empecen os políticos
que gastan sen ton ni son. **(1)**

A nosa querida política
estache toda corrompida,
por un lado a ESPIONAXE
polo outro a CACERÍA. **(1)**

Mexan por nós
e din que chove,
últimamente os ministros
veñen a Lugo de nove en nove. **(1)**

Ven a ministra "Maleni" a Lugo
a vendernos a Ponte Augusta
debe pensar que ós de Lugo
que nos dean por detrás nos gusta. **(1)**

Despois de ver o que fixo
o Goberno BIPARTITO,
todos berramos a coro
¡ da igual FRAUTAS QUE PITOS **(1)**

A Lugo chegou Monseñor Rouco
pregámoslle con fervor
desta cidade Sacramental
que se digne amañarnos. **(1)**

Ten Orozco un caderniño

Dáche o mesmo quen goberne
goberno ou oposición:
Uns din que moito fixeron
e os outros que o farán mellor. **(1)**

Xa cansamos de agardar
polo ditoso Auditorio,
máis dun deles por mentir
irá dar no purgatorio**. (1)**

Estamos en tempo de crises
a xente di:¡ Esto está mal!
Besteiro estrea cochazo
¿parécevos esto normal? **(1)**

Os Polícias de Lugo,
¡ onde están, que non os vemos!
tes que apretar máis DARÍO
para poñerlles os freos. **(1)**

No pasado San Froilán
moito marroquí moita ganga,
e os nosos municipais
coma sempre de baranda. **(1)**

Eu paseo polo río
levo botas de montaña,
¡ manda carallo coas obras!
eso sí é gran fazaña. **(1)**

Hai dez anos, Orozco prometeu:
Auditorio, Ponte, Tren e Autovía,
cumprir, o que se di cumplir…
non cumpriu nada, todavía.

O follón no Concello
que tiñeron cos presupostos
demostrou o Sr. Orozco
que os ten ben, pero moi ben postos. **(1)**

para apuntar os problemas,
se garda todo o que escribe
serán tres enciclopedias. **(1)**

O P.P. de Lugo está que bufa
querían poñer a "ese" ou "aquel",
e Santiago rebufa
e puxieron a Raquel. **(1)**

Contornos no periódico un do P.P.
que ir a Madrid en tren e unha osadía,
pero querido Xoaquín…
se o pobo de Lugo xa o sabía.**(1)**

Como lle propuso Barreiro,
non quixo Xosé Anxo ser alcalde,
ben sabe o do BNG…
que o P.P. non da nada de balde. **(1)**

¡Xa temos Auditorio, Ponte
e para todo hai solucións!,
¡ Ai!, perdón, non lembraba
que estamos en eleccións. **(1)**

Cal choiva beneficiosa
A or irmans cantores
Impondremos a cinza
Ós seus corpos pecadores (DOORES).

Sufrido pobo lucense
Aquí  remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos
aquí fronte ó Consistorio.

¡VIVA O ENTROIDO!

--------------------

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2010***

**Nos ferretes e salmodias, que vai recitar "O Gran Espetón" desde a Praza de España, imos encontrar diversos elementos de crítica dalgúns sectores da cidadanía lucense. Así, podemos distinguir unha crítica contra o paro, que ía solucionar o Sr. Feijoo, cando estaba na oposición. Unha necesidade urxente de arranxos, relacionados cos sumideiros das rúas. Tamén, reparación de certas rúas recén rematadas…. Censura sobre cando vai comezar a funcionar o novo Hospital**

**(Hula). Crítica contra as persoas relacionadas coa Operación Carioca, co pago das multas. Finalmente crítica contra a deficiente conservación e limpeza do Parque de Rosalía…**

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón
o ferrete parrandeiro.

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todo**

**ANTES ERA PEPIÑO**
**AGORA É DON JOSÉ**
**E TODO SE LLE DEBE**
**A O CHACACHÁ DO TREN**

Da crise, Feijoo íanos sacar,
mais o paro aumenta neste lugar,
a culpa era toda do Goberno anterior
agora que goberna, non é, non señor. **(1)**

Os sumideiros de Lugo
botan herbas a montóns,
e mellor botarlles nabos
pra comer con bos lacons. **(1)**

A rúa do Doutor Fleming
hai pouco foi rematada,
¿Quén revisou esas obras?
¡ xa está toda escarallada!. **(1)**

Xa temos Ponte e Hospital
pra montar un jolgorio
xa só nos falta
o ansiado AUDITORIO. **(1)**

O cuartel de San Fernando
o están deixando caer,
cando queiran facer algo
para nada vai valer. **(1)**

Dinlle cartos á muller para ir a perruquería
chegou cos cabelos desfeitos
viña toda enfurruxida.

Cando eu era pequerrechiño
e recorría a cidade, preguntábanme
¿Qué queres ser de maior?
Eu respondía:Garda Municipal
A miña nai dicíame:
Pero bueno ti és tonto do bote
Non mamá, eu o que non quero e dar
golpe. **(1)**

Para algúns ir de “chiquitas” en Lugo
ata agora era de moca,
Pero fodeúselles o choio
coa OPERACIÓN CARIOCA.
As multas en Lugo non as paga nin Deus
¡ acabouse o choio amigos! **(1)**

A xuiza vaillas facer pasar canutas
á Garda Civil e Polícias
e máis xente de medio pelo
todo por querer ir pola cara as putas. **(1)**

Señor Alcalde,
Lugo saber querría,
se algún día vaille meter mán
ó tema da Policía. **(1)**

O de perdoar as multas en Lugo
eche algo moi habitual,
dende calquer Concelleiro
ata o Vicario Xeral. **(1)**

¿Qué pasa có noso PARQUE
orgullo desta cidade?
Ben diría Rosalía
¡ Isto é para que a xente cague! **(1)**

A GRIPE A viña con presa
de onde viña…nin se sabe,
polo camiño quedou
¡ dín que en algunha empresa! **(1)**

O AVE xa saliu do cascarón
vai pasar por moitos sitios,

Cariño non te me enoxes
eche a auga da traída. **(1)**

¿E pasará por Lugo?
¡Ou si ou nón¡ **(1)**

Prometer, prometen abondo
os nosos politiquitos,
cumplir non cumpren un carallo
e trátannos coma tontiños.

Din que o novo HOSPITAL
está xa a rematar
e todos nos preguntamos
¿Cando vai a funcionar?

Quén nolo ía dicir
despois de unha chea de anos.
que o 2010 chegaría
sen que de lonxe se vira
nin o Auditorio nin o Museo Romano.
Pasarán outros cen anos, e seguiremos
como estamos.

Os bancos da Praza Maior
seguen arredor dos poetas,
coidaron facelos de pedra
para que duraran ben…
Pois a cara de quen os puxo
de pedra quedou tamén.

A crise xa dura moito
e remedio non terá
por iso a nosa Muralla
con candís se alumará.
Seica no Concello de Lugo
nin pra mixtos teñen xá.

Os cartos de todos
a o furado do colchón,
pois pararon as obras
e máis a contratación.

Cal choiva beneficiosa
A or irmans cantores
Impondremos a cinza
Ós seus corpos pecadores (DOORES).

Sufrido pobo lucense
Aquí  remata o repertorio
en verdade vos prometemos
que o próximo ano estaremos

aquí fronte ó Consistorio.

¡VIVA O ENTROIDO!

-----------------

*FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2011*

Algúns sectores da cidadanía lucense, por medio dunhas estrofas ou salmodias, que vai decir o Gran Espetón desde a Praza de España, vai levar a cabo unha crítica sobre diferentes actitudes e comportamentos. Así, unha crítica á deficiente conservación da Muralla, Patrimonio da Humanidade. Unha censura contra a construcción do Garañón, nas costas do Parque –hoxe detida-. Un xuizo desfavorable contra o estado ruinoso do antigo Cuartel de San Fernando…

Pola contra unha louvanza a D. José Barreiro –xa finado- no vinteseis aniversario da saída do Enterro da Sardiña, logo de maís de cincuenta anos sen saír. Tamén unha loanza a Lucía, do Incio, na súa participación en Eurovisión.

Amiguiños e amiguitas
esta vida é unha leria,
mentres uns cantan moi ledos
outras choran as miserias.
Este Enterro da Sardiña
facémolo ara alegrar
a todos aqueles lucenses
que os están a pasar mal.

*ESTRIBILLO* **(1).** Recitar todos

**CAGAN E CAGAN**
**E VOLVEN A CAGAR**
**ÓS CANS POLA MURALLA**
**E OS DONOS A MIRAR.**

As eleccións están preto
no Concello liortas hai
Orozco, saca peito
Castiñeira, moito máis,
os do Bloque pían xuntos.
Carallo cos de Lugo
¿Hai alguen que dea máis? **(1)**

A Muralla é ben de todos
e debémola coidar,

Menudas carreiras nos damos
alá polo novo Hospital,
Así o persoal está en forma,
para os enfermos coidar. **(1)**

Pensan xa nas eleccións,
corren arreo os políticos.
Semellan gatos lambendo
os paos de colgar chourizos. **(1)**

Grazas ao noso porquiño
non morreremos de fame.
Habiamos de lucir,
tan mantidos como o Alcalde. **(1)**

A nosa paisana Lucía
vai a ir a Eurovisión.
E seguro que gañará
coa sua bonita canción. **(1)**

Está todo moi calado
non se fala do Auditorio
xa se fará…xa se fará
e seguen co repertorio. **(1)**

O Goberno cos novos planes

impedindo que os canciños
nela vaian a cagar,
así estará limpiña
Cando os de fóra, a veñan visitar. **(1)**

A crise que sufrimos
non chega á Deputación,
pois os do Quilómetro Cero
viaxan sen pagar un patacón. **(1)**

Falan e falan moito
os que mandan no P.P.
Pero eles tampouco convencen
e a xente así o ve. **(1)**

Vergoña pras autoridades
que o Garañón permitiron.
Eles non pagarán,
nós, pagaremos o cirio. **(1)**

O Hula tardou nove anos
A nova Ponte case vinte.
Pra rematar o Auditorio
o dous mil trinta, ou o seguinte. **(1)**

O PSOE "I LOVE YO" Lugo.
O P.P. non quere ser menos.
O BNG vaino mellorar.
¡¡ Deus!! Pensan que somos nenos. **(1)**

Na Ronda do Carme
non se pode construir
pero nas Costas do Parque
rascacielos poder ir. **(1)**

O cuartel de S. Fernando
Ía ser non sei qué.
El sóo se vai desmoronando
e a culpa ¿de que é? **(1)**

Os médicos e enfermeiras
pedían un novo Hospital.
E agora que están no novo
suspiran polo Xeral. **(1)**

E se tés algo que facer
será urgente o transitorio.
Nunca te fies do RELOXO
que temos no Consistorio. **(1)**

a crisis intenta paliar.
E o que está facendo
é os soldos rebaixar. **(1)**

De deitarme a dormir tres meses
estanme dando tentacións.
Para non oir a todos eses
neste ano de eleccións. **(1)**

O Parque vaise amañar
antes, deixouse escarallar.
Cando gastemos os cartos
¿Quén del se vai a ocupar? **(1)**

O Cuartel de San Fernando
Museo da Romanización.
Seguiremos esperando
non hai outra solución. **(1)**

Cal choiva beneficiosa
a or irmans cantores
impondremos a cinza
ós seus corpos pecadores.
Decid todos (DOOOORES)

Loitou D. Pepe Barreiro
de volver a tradición
e logrou sacar a rúa
o Enterro da Sardiña
con estandarte e insignia
Moro Muza e Espetón.
Hoxe fai vinteseis anos
dista recuperación,
era alcalde Don Vicente
-home de moita "morriña"-
Quen non dudou de apoiar
O Enterro da Sardiña.

**¡VIVA O ENTROIDO!**

**------------------------------------**

***FERRETES DO ENTERRO DA SARDIÑA. ANO 2012***

O Gran Espetón desde a Praza de España, menciona uns ferretes ou salmodias, que constituen en gran medida unha censura dalgúns sectores da cidadanía lucense con respecto a diferentes actitudes e comportamentos negativos existentes na cidade. Asi, podemos establecer unha censura contra os banqueiros e políticos corruptos; contra o deficiente estado de conservación da Muralla; contra certas obras, que ainda non acaban de comezar, como é o caso da Ronda Sur, do Auditorio…Crítica profunda ao caso "Campeón", que constitue unha clara falta de igualdade diante da lei. Finalmente un xuizo desfavorable en contra dos políticos, que actuan cunha demagoxia, que non ten límites.

A todo o pobo de Lugo
e ó persoal forasteiro
escoitade con atención
do voso irmán Espetón

***ESTRIBILLO* (1). Recitar todos.**

**XA SE APROBOU O PXOM**
**XA LUGO PODE MEDRAR**
**AÍNDA A VIR UN CABRÓN**
**PRA VOLVELO ESTROPEAR**

Sen concertos no Xacobeo

A autopista a Santiago po 2015
a min dame a risa.
E as obras do Auditorio?
Esas non teñen prisa **(1)**

O grande Señor Dorribo
Ten os cartos a cachón:
Coches, chalé, escudaría…
Mirade de onde os sacou. (1)

En Facenda os Inspectores
xa poden dar zapatilla
para coller ós Peixes Grandes

a Muralla sen limpar
o Auditorio que no arranca
e a Ronda Sur sen empezar. **(1)**

Os políticos van por libre
dos seus soldos nin falar
Quitannos os nosos dereitos
e os de Lugo,…ver, oir e calar. **(1)**

Os Banqueiros, soldos sin parar
dos políticos,…mellor non falar
os mercados a poder
e o pobo ¿Qué vai facer? **(1)**

Agora vai Orozco
de xefe da Policía.
Non hai maneira de amañalo
Pero…o Alcalde xa o sabía. **(1)**

Castiñeiras gañou de largo
xuntáronse os otros para fodelo
non sabe Xaime que no cargo
a Orozco, ai que roelo. **(1)**

As obras do Garañón
non nos deixan ver o río.
Dixo o xuiz “ai que tiralas”
Dixo Orozco vaia lío.**(1)**

Contra o Garañón estaba o Bloque
agora que está no Goberno, cala.
Que dí agora o Sr. Bao?
Non era unha animalada. **(1)**

Todos os de Lugo
estamos cabreados.
Nin Auditorio nin AVE…
Vaian todos ao carallo. **(1)**

Chicles por las aceras
cagarrutas por los parques
mozos e donos dos cas
que as limpien ou o paguen. **(1)**

A xusticia ó revés
ou o cazador cazado
os delincuentes na rúa
e o Garzón condenado. **(1)**

Feijoo dï: A única alternativa é
e deixar as sardiñas. **(1)**

Nupel paga Arde Lucus
Nupel paga funcións
Nupel paga de todo
E ó final pagamos nós. **(1)**

O ladrillo está en crise
O Bloque en descomposición
Así non hai quen amañe
o ramo da construcción. **(1)**

Temos un novo goberno
e un congreso anovado,
onde os deputados só están
a contar os cartos gañados,
politicos corruptos
aferrados ao poder,
Idevos pronto pra casa
deixádevos de poder. **(1)**

A o Ave levouno o demo
Ao Auditorio, sabe Dios…
Pepiño xa non é ministro
que perdió as eleccións. **(1)**

Mil oitocentos oitenta.
Chegou a Lugo o Trenvía
¿Ë unha data para o AVE?
Outros cento trinta anos. **(1)**

Cal choiva beneficiosa
a or inmans cantores
impondremos a cinza
ós seus corpos pecadores.
Decid todos (DOOOOORES)

Se me deran a escoller
eu non sei que escollería
Vivir en Lugo o Entroido
Ou O Enterro da Sardiña.

as rebaixas das retribucións,
xa estamos bastante fartos
de que nos toquen os "collóns".
Mais olvídase da Muralla
como sigan sin limpar
vaina a declarar
ben de interés Natural. **(1)**

¡VIVA O ENTROIDO!

Para os recortes
Tixeiras!!
Para tocarlle as pelotas a Orozco
Xaime Castiñeiras! **(1)**

A Muralla de Lugo
é un ben Patrimonial,
cantas voltas dá a Xunta
por empezala a limpar. **(1)**

Con tanto guardia tumbao
Que puxeron polo Rato.
Os talleres de Lugo,
Acabouselles o paro. **(1)**

***Non ocorre así coa "música dos choróns dos Gabiáns", que serve para pechar o acto. Esta é a mesma, que se usaba na etapa anterior, correspondente á segunda metade do século XIX.***

**PARA CANTAR NO QUIOSCO**

-MÚSICA DOS CHORÓNS DOS GABIÁNS-

***ESTRIBILLO***

**NON HAI POR QUE SOFRIR**
**NON HAI POR QUE CHORAR**
**POR ESTA SARDIÑA**
**QUE IMOS ENTERRAR.**
**NON HAI POR QUE SOFRIR**
**NON HAI POR QUE CHORAR**
**SE Ó FINAL DE TODO**
**RESUCITARÁ**.

***1ª ESTROFA.***

Dende Viveiro
ó noso pobo
outros peixiños nos chegarán
e na Coresma

haberá abstinencia
polbo e merluzas en San Froilán.

***ESTRIBILLO***

***2ª ESTROFA***

Aquí acaba
a algueirada
con este cómpito funeral
coa sardiña
así remata
por este ano o carnaval.

O enterro da sardiña, como vimos ao longo deste traballo, conserva moitos trazos da segunda metade do século XIX. Sen embargo nesta nova etapa apreciamos xa unha nova dinamicidad e creatividad  ao poder participar calquera persoa do municipio lucense  nos ferretes ou estrofas que o ***Gran Espetón*** vai leer desde o templete da música.[29].

Por outra banda  o Enterro da Sardiña amosa certos trazos de liberdade -que algúns poden confundir con irreverencia- , de inversión de roles. É unha oportunidade propicia para manifestar libremente e nun tono humorístico, de bulra, sarcasmo, a crítica as autoridades e normas sociais.

[29] Desde o ano 2004 poden participar os cidadáns lucenses nos ferretes, que o “Gran Espetón” vai leer desde o templete da música.

***BIBLIOGRAFÍA SOBRE O TRABALLO.***


BARREIRO VARELA, José.: ***Anecdotario Lucense***. Lugo: Biblioteca "El Progreso", nº2, 1993.

BOZAL, Valeriano.: ***Francisco de Goya, vida y obras (2 vols.),*** Madrid: 2005.

COCHO, Federico.: ***O Carnaval en Galicia,*** Vigo: Xerais, 1992.

CHIVITE, Taboada.: ***Etnografía Galega. Cultura Espritual***, Vigo: Galaxia, 1972.

DIARIOS GALEGOS: O PROGRESO E A VOZ DE GALICIA

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio.: ***As festas cíclicas do ano***, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego. Manuais, nº 2, 1991..

MADOZ, Pascual.: ***Diccionario geográfico, estadístico, histórico de España, t. X***, Madrid: 1847.

MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: ***O Entroido ou os praceres da carne***, Sada (A Coruña): Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 84, 2ª ed. Ed. Castro, 2003

MESONERO ROMANOS, R.: ***Escenas matritenses,*** Madrid: Espasa Calpe, Madrid, 1986.

RISCO, Vicente.: "Etnografía: Cultura espiritual", en ***Historia de Galicia.*** T. I, Madrid, Akal, 1979.


***<u>BIBLIOGRAFÍA SOBRE O ENTROIDO NA PROVINCIA DE LUGO.</u>***


ASOCIACIÓN CULTURAL "VAL DE FRANCOS". ***Máis de media ducia de Escritores chairegos e o antroido,*** Lugo: Gráficas Lucenses, 1993. Coord. Xosé Manuel Carballo.

BLANCO PRADO, José Manuel.: " 1ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo", ***en Boletín do Museo Provincial de Lugo.*** Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 2005, paxs. 203-222.

BLANCO PRADO, X.M. e GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. : " O Entroido naRibeira Sacra e en Salcedo. O volante, o peliqueiro e o oso", ***en Tempos de Festa.*** T.I. Fundación Caixa Galicia, A Coruña, 2006, páxs.127-137.

BLANCO PRADO, X.M. e PERNAS BERMÚDEZ, Carme.: "Achegas históricas ao Antroido do Val de Francos (Castro de Rei) no século XXI".***En Rev. Croa (Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga), nº 19***, 2009, páxs. 58

-84.
BLANCO PRADO, X.M.: “O Entroido na Diócese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na Ribeira de Chantada”, ***en Lucensia (Biblioteca Seminario Diocesano***), Nº 39, Lugo, 2009, páxs. 363-370.

BLANCO PRADO, X.M.: “O Entroido na Diócese de Lugo. Achegas históricas ao Entroido na freguesía del Salcedo”, en Lucensia (Biblioteca Seminario Diocesano), Nº 40, Lugo, 2010, páxs. 163-172.

BLANCO PRADO, X.M.: “2ª Exposición sobre o Entroido na provincia de Lugo”, ***en Boletín do Museo Provincial de Lugo.*** Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 2012. No prelo.

CARO BAROJA, J.: ***El Carnaval,*** Madrid: Taurus, 1983.

COCHO, Federico.: ***O Carnaval en Galicia,*** 2ª ed, Vigo: Xerais, 1992.

GATO SOENGAS, Antonio.: O Entroido de “Casa de Naia”, Lugo: Deputación Provincial, 1992.

GONDAR PORTASANY, Marcial.: “As máscaras do Poder. A linguaxe do Carnaval”, ***en Crítica da Razón Galega. Entre o nós-mesmos e nós-outros.*** A Nosa Terra, Vigo, 1993, páxs. 161-166.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M. e MARIÑO FERRO, X.R.: ***Entroido en Galicia.*** A Coruña: Deputación, 1985.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: ***Guía de festas populares de Galicia,*** Vigo: Galaxia, 1997.

LISÓN TOLOSANA, C.: ***Antropología Cultural de Galicia,*** Madrid: Ed. Siglo XXI, 1971.

LISÓN TOLOSANA, C.: ***Perfiles simbólico-morales de la cultura gallega,*** Madrid: Akal, 1974.

MARIÑO FERRO, X.R.: ***O Entroido ou os praceres da carne,*** 2ª ed., Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2003.

RISCO, Vicente.: “Etnografía: Cultura espiritual”, en ***Historia de Galicia.*** T. I, Madrid, Akal, 1979, pp. 225-763.

SABELA FIGUEIRA TENREIRO.: ***O Antroido onte e hoxe.. Achegas ao estudo desta festividade na Terra Chá..*** Revista de Investigación de Galicia Encantada. Revista electrónica de investigación / ISSN 1887-2859. Lugo, 2008.

TABOADA CHIVITE, Xesús.: ***Etnografía Galega. Cultura Esprituał.*** Vigo: Galaxia, 1972

VÁZQUEZ RODRÍGUEZ, Xosé Manuel. “O entroido nas ribeiras de Chantada. A persistencia da festa”, en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo.*** T. VII. Vol. 2, 1995, pp. 249-258.

*ILUSTRACIÓNS*



***ANO 1985. JOSÉ BARREIRO AO FRONTE DA BANDA DA MÚSICA***




***ANO 1985. JOSÉ BARREIRO CO SEU SEMÁFORO NA MAN.***




***DETALLE DO ENTERRO DA SARDIÑA DO ANO 1985***



***ENTERRO DA SARDIÑA DO ANO 1985. O MORO MUZA. OS PESCADORES ACOMPAÑANDO Á SARDIÑA E O NUMEROSO PÚBLICO CONTEMPLANDO O EVENTO.***



***A SARDIÑA BAIXANDO AS ESCALEIRAS DO CÍRCULO DAS ARTES, ENTIDADE COLABORADORA CO EVENTO.ANO 1985.***



***O ALCALDE VICENTE QUIROGA ENTREGANDO UNHA PLACA A JOSÉ BARREIRO POLA RECUPERACIÓN DO ENTERRO DA SARDIÑA NO ANO 1985.. AO SEU CARÓN O LIDER DA OPOSICIÓN SOCIALISTA NAQUELES INTRES, VARELA FLORES***.



***ANO 2003. O GRAN ESCARPINANTE. O GRAN ESPETÓN E VARIOS ESTANDARTES.***



***ANO 2003. AS CONFRADES DO SANTO ENTERRO LENDO OS FERRETES, ACOMPAÑADAS DA ORQUESTRA E O PÚBLICO EN XERAL.***




***ANO 2003. ELEMENTOS DE CRÍTICA DA COMITIVA FÚNEBRA.***




***ANO 2003. A COMITIVA FÚNEBRA POLA RÚA DA RAÍÑA***.



***ANO 2012. O GRAN ESPETÓN RECITANDO ALGÚNS FERRETES NA PRAZA DO CAMPO.***



***ANO 2012. CONFRADES LEENDO OS FERRETES NA PRAZA DO CAMPO.***




***ANO 2011. OS PORTADORES DO CADALEITO DA SARDIÑA MOSTRANDOO AO PÚBLICO.***



*ANO 2012. O "GRAN ESPETÓN" PRONUNCIANDO ALGÚNS FERRETES DESDE O TEMPLETE DA MÚSICA*.



***ANO 2012. DOUS PORTEADORES DO CADALEITO ENSEÑAN A SARDIÑA AO PÚBLICO DENANTES DE SER ENTERRADA.***



*ANO 2012. SIMBOLIZACIÓN RITUAL DO ENTERRO DA SARDIÑA*



*ANO 2013. A COMITIVA FÚNEBRA POLA RÚA DA RAÍÑA*



***ANO 2013. A COMITIVA FÚNEBRA ACCEDENDO Á PRAZA DE ESPAÑA***




***ANO 2013. DOUS CONFRADES FACENDO CONSTAR A SÚA CRÍTICA***